



LOLXA  
AGROPECUARIA  
DE GALICIA

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tlfo 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	252.494
TOTAL ASISTENCIA	1022		
TOTAL ADXUDICADOS	945		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	119	145
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	140	150
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	157	172

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	374	258
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	353	291
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	440	354

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	520	312
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	581	356
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	512	487

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	256.865
TOTAL ASISTENCIA	411		
TOTAL ADXUDICADOS	389		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.496
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	975
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	548
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	258

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	65.200
TOTAL ASISTENCIA	97		
TOTAL ADXUDICADOS	84		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,87	1,75
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,54	2,48
RAZA RUBIA GALEGA	2,89	2,74

\* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

Semana 16

### PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		Punto de inflexión nas cotizacións do porco en Galicia. Este signo é interpretado positivamente para a produción que servirá para darlle movemento ao mercado.
	KG.	DIF.	
<b>CARNICEIRO</b>	1,280	+0,01	<b>Parámetros de mercado semanal:</b> Unha semana máis, os pesos suben arredor de 500 g/canal nos matadoiros con respecto á semana pasada, suba que era esperada, froito dos retrasos producidos como consecuencia dos festivos da Semana Santa. Nembargantes, nesta semana parece que comeza a axustarse moito máis a oferta, polo que a sensación xeralizada, tanto da industria como da produción é que as cotizacións comecen a escalada estacional, que se rexistrará probabelmente antes do festivo do primeiro de maio.
<b>SELECTO</b>	1,085	+0,01	
<b>NORMAL</b>	1,060	+0,01	
<b>CASTRADO</b>	1,420	+0,01	
<b>CANAL II</b>	1,377	+0,013	
<b>DESVELLE</b>	0,64/0,70	0,00	
De todos xeitos, a pesares de que todo apunta a que o cambio estacional xa se está a fraguar, non se pode perder de vista que grande parte da demanda até o momento foi para encher cámaras, que con toda probabilidade sairá ao mercado cando as cotizacións do despece comecen a incrementarse froito do incremento do consumo. Así, se ben se esperan incrementos, pode pasar que estes aumentos sexan máis suaves do que respondería aos parámetros da oferta e demanda de porco en vivo.			

### BACORIÑOS

BASE 20 KGS.	EUROS			As posicións sobre a situación dos bacoriños e as propostas de cotización estaban moi dispares cando se comezou a Sesión de hoxe, aínda que ao final, tanto uns como outros cederon nos seus posicionamentos iniciais e chegouse a rexistrar unha baixada de 1 €, que deixa á produción nos umbrais dos custos de produción. E a disparidade ven motivado por diversas argumentacións entre as partes: así, mentras a demanda manifesta unha oferta moi superior ao que esta dá absorvido, a produción mantén que cos actuais marxes que teñen, e tendo en conta que estes bacoriños sairán como cebo na primeira semana de agosto (cando estacionalmente as cotizacións do cebo están nos máximos anuais), estes non deberían baixar.
	KG.	UNIDADE	DIF	
<b>SELECTO</b>	1,88	37,50	-1,00	E existe unha situación de fondo que é recorrente no presente ano: A escalada dos custos de produción, fortemente incrementados pola suba do prezo dos pensos e dos combustíbeis, e os problemas na revalorización do cebo. E as cotizacións da presente semana, case trece Euros inferiores ás cotizacións do ano pasado.
<b>NORMAL</b>	1,83	36,50	-1,00	

### OVOS

CLASE	EUROS				Incremento nas cotizacións da clase XL e unha estabilidade nas demais gramaxes, cando todo apuntaba a certos recortes despois da Páscoa. A explicación da suba na cotización dos ovos XL débese a unha menor produción froito dos plans de renovación de Galiñas, mais o estrano neste ano é a estabilidade nas demais gramaxes. A produción interior véndese con relativa facilidade, mais temos que destacar que no resto de Lonxas Europeas, a situación é claramente á baixa, o que de seguro repercutirá nas vindeiras semanas.
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
<b>XL</b>	1,32	+0,04	1,32	+0,04	
<b>L</b>	1,17	0,00	1,17	0,00	
<b>M</b>	1,13	0,00	1,13	0,00	
<b>S</b>	1,00	0,00	1,00	0,00	

### GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS		Novo descenso na cotización das galiñas de desvelle que rexistra mermas de 13 céntimos nas últimas cinco semanas.
	KG.	DIF	
<b>SEMIPESADAS 2,100 A 2,200 KGS</b>	<b>0,08/0,17</b>	<b>-0,03</b>	O aumento da oferta de aves pola renovación das galiñas en granxa é o motivo que leva ao descenso das cotizacións, e o mercado atópase claramente presionado pola oferta.

### COELLO

GRANXA EN VIVO	EUROS		Unha repetición máis neste ano para o Coello. A explicación parece estar motivada polas condicións meteorolóxicas suaves do presente ano que non afectou tanto á oferta como en anos precedentes. Así, as cotizacións do Coello son 54 céntimos inferiores ás rexistradas na mesma semana do 2006.
	KG.	DIF	
<b>NOVO</b>	<b>1,54</b>	<b>0,00</b>	